

Convocatoria 2016 Zona "C" Artes Visuais
Recepción propostas 20 de outubro – 30 de novembro 2015

MODALIDADE 1. PROXECTOS DE INTERVENCIÓN ARTÍSTICA

Esta modalidade está dirixida a artistas individuais e/ou colectivos de artistas.

Poderase presentar unha obra ou proxecto de temática libre que destaque pola súa calidade e viabilidade.

Non é necesario que sexa inédita, pero valorarase positivamente.

Os proxectos deberán incluír polo menos unha proposta de actividade de mediación que facilite a interacción coa cidadanía.

Tanto os proxectos de intervención como as accións que se realicen contarán co apoio da responsable de exposicións do Auditorio de Galicia.

As obras e/ou proxectos seleccionados mostraranse na Zona 'C' durante a tempada 2016.

O dossier do proxecto presentarase en formato dixital e deberá incluír:

Fotocopia do documento de identidade

Correo electrónico e teléfono

Currículo e currículo resumido

Argumentación teórica do proxecto intervención (máximo 5.000 caracteres con espazos)

Proposta de montaxe e deseño expositivo incluíndo imaxes de obra

Deberá incluírse polo menos unha proposta de actividade de mediación que facilite a interacción coa cidadanía

Os/as artistas poderán achegar tanta documentación gráfica, vídeo ou calquera elemento que estimen oportuno para a valoración do proxecto en formato dixital

Deberá incluírse orzamento desagregado por partidas, incluíndo a actividade de mediación

A dotación económica será de 5.000€ (cinco mil euros, impostos incluídos) por proxecto de intervención, integrando todos os custes do mesmo, cantidade que se abonará mediante transferencia bancaria, previa presentación de factura.

Nos proxectos cuxo orzamento exceda esta cantidade requirirase a capacidade de acadar achegas doutras fontes.

MODALIDADE 2. PROXECTOS DE COMISARIADO

Dirixida á produción de proxectos de comisariado inéditos que destaquen pola súa calidade e a adecuación ás características do espazo Zona 'C'.

Os proxectos deberán incluír polo menos unha proposta de actividade de mediación, que facilite a interacción coa cidadanía.

O desenvolvemento dos proxectos seleccionados terá lugar durante o ano 2016 na Zona 'C'.

Tanto os proxectos de intervención como as accións que se realicen contarán co apoio da responsable de exposicións do Auditorio de Galicia.

Os comisarios deberán presentar a seguinte documentación en formato dixital:

Fotocopia do documento de identidade

Correo electrónico e teléfono

Currículo e currículo resumido

Argumentación teórica do proxecto expositivo (máximo 5.000 caracteres con espazos)

Proposta de montaxe e deseño expositivo incluíndo preselección de obra

Deberá incluírse unha proposta de actividade de mediación que facilite a interacción coa cidadanía

Os comisarios poderán achegar canta documentación gráfica, vídeo ou calquera elemento estimen oportuno para a valoración do proxecto en formato dixital

Deberá proporcionar orzamento desagregado por partidas, incluíndo a actividade de mediación

A dotación económica será de 5.000€ (cinco mil euros, impostos incluídos) por proxecto de comisariado, cantidade que se abonará mediante transferencia bancaria, previa presentación de factura.

Nos proxectos cuxo orzamento exceda esta cantidade requirirase capacidade de acadar achegas doutras fontes.

COMUNICACIÓN GRÁFICA

Dirixida ás deseñadoras/es ou creadoras/es que desexen deseñar unha proposta de comunicación gráfica para o conxunto dos proxectos seleccionados nesta convocatoria e que constitúen a tempada de exposicións de 2016 da Zona 'C'.

Trátase de traballar en colaboración coas/cos comisarias/os e os/as artistas e creadores/as seleccionadas/os, así como coa persoa coordinadora do programa de artes visuais e cos servizos de produción do Auditorio de Galicia, para deseñar o material de comunicación que se deriva de cada exposición e das actividades da Zona 'C', que variará en función de cada proxecto: publicacións ou invitacións, vinilos e/ou calquera outro tipo de sinalética optativa como follas de sala ou cartelas.

O dossier do proxecto presentarase en formato dixital e deberá incluír:

Fotocopia do documento nacional de identidade

Correo electrónico e teléfono

Dossier profesional que recolla a documentación gráfica de proxectos recentes

Proposta de deseño para o ciclo expositivo

A dotación económica será de 900€ (máis impostos) para cada exposición.

REQUIRIMENTOS XERAIS DA CONVOCATORIA

- Toda a documentación deberá achegarse por correo electrónico a exposicions@auditoriodegalicia.org, indicando modalidade.
- Para a elaboración do dossier pódese baixar o plano da sala na web compostelacapitalcultural.org ou solicitar información no correo electrónico exposicions@auditoriodegalicia.org
- A concellaría de Acción Cultural a través do Auditorio de Galicia asinará un contrato coa/co artista, unha vez valorado e aceptado o proxecto, para a súa realización. No contrato especificanse todas as cuestións relativas á execución do proxecto. A Concellaría de Acción Cultural é responsábel última do evento.
- A /o artista deberá proporcionar todos os elementos necesarios para a instalación das obras e para a súa correcta exhibición e adecuación ao espazo.
- A montaxe, desmontaxe e actividades correrán a cargo das/dos seleccionadas/dos.
- Proporcionar o material que o Auditorio requira como textos, imaxes etc.
- A/o artista autorizará así mesmo a citación do seu nome así como a reprodución gráfica da súa obra para calquera tipo de difusión ou publicación que o Auditorio estime oportuno facer dela.
- Os seleccionados adaptaranse ao calendario proposto polo Auditorio de Galicia.
- Finalizada a intervención os traballos quedarán en mans dos/as autores/as.
- O espazo deberá quedar en condicións óptimas para a seguinte intervención.

CALENDARIO

Período de recepción de propostas do 20 de outubro ao 30 de novembro de 2015. Non se aceptará documentación recibida con posterioridade a data indicada.

SELECCIÓN

O comité de selección confeccionará unha lista cos proxectos seleccionados que será pública na web compostelacapitalcultural.org o 16 de decembro de 2015.

O Auditorio de Galicia porase en contacto cos seleccionados para indicarlles o período de intervención ou datas para desenvolver o traballo.

A Comisión de selección estará formada por:

Manuel Eirís, artista

Joana Hurtado Matheu, crítica de arte e responsable de Can Felipa Arts Visuals

Chus Martínez Domínguez, crítica de arte

Clara Rodríguez Cordeiro, comisaria de exposicións

Chus Busto Castiñeiras, responsable de exposicións, Auditorio de Galicia